MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR NO NÚCLEO RURAL DE A CAÑOTA, SADA

AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA
DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO
FASE: APROBACIÓN DEFINITIVA

AGOSTO 2024

32426463M
ANGEL LUIS
MONTEOLIVA
(R: B15148729)
Firmado digitalmente por 32426463M ANGEL LUIS MONTEOLIVA (R: B15148729)
Fecha: 2024.08.27 10:26:55 +02'00'

ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025
polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025 aprobouse definitivamente este documento que constar para facer Motivo:

CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

ÍNDICE XERAL DO DOCUMENTO DE PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR

01. MX

- MEMORIA INFORMATIVA
- MEMORIA XUSTIFICATIVA
- ANEXOS Á MEMORIA

02. PINF

- PLANOS DE INFORMACIÓN

03. PORD

- PLANOS DE ORDENACIÓN

04. NU

- NORMATIVA URBANÍSTICA

05. CAT_NP

06. EE

- ESTUDO ECONÓMICO
- MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA
- INFORME DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA

07. AAE

- DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO
- PLANOS DE ALTERNATIVAS
- INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

08. MOD_ODPXOM_NP

09. PPC

- INFORME DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
María del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

1.- INTRODUCIÓN 4

2.- OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN..... 4

3.- ALCANCE E CONTIDO DO PLAN ESPECIAL E ANÁLISE DE ALTERNATIVAS. 5

3.1. ALCANCE E CONTIDO 5
3.2. PROPOSTA DE ALTERNATIVAS 7

4.- DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLAN. 9

5.- CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN DO MEDIO AMBIENTE ANTES DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN NO ÁMBITO TERITORIAL AFECTADO..... 10

5.1. ÁMBITO TERRITORIAL AFECTADO 10
5.2. ELEMENTOS DO MEDIO FÍSICO E BIÓTICO 11
5.3. ELEMENTOS DO MEDIO ANTRÓPICO..... 15
5.4. PAISAXE..... 18

6.- EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES..... 22

7. EFECTOS SOBRE OS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCURRENTES. 24

8.- MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVENIR, REDUCIR OU CORRIXIR EFECTOS NEGATIVOS DA APLICACIÓN DO PLAN 26

9.- MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA..... 27

10.-MEDIDAS PARA O SEGUIMENTO AMBIENTAL DO PLAN 27

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
María del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

1.- INTRODUCIÓN

O presente Documento constitúe o *documento ambiental estratéxico* do Borrador do Plan Especial de Reforma Interior (PERI) no núcleo rural de A Cañota, Sada.
Redáctase en base ao disposto no artigo 29 da *Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental*, como documento ambiental que acompaña á *solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada*.

Mapa do IGN

2.- OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN

O obxectivo do Plan Especial é a ordenación pormenorizada dunha parte do núcleo rural de A Cañota, segundo a delimitación que obra no PXOM de Sada como ámbito remitido á redacción dun Plan Especial de Ordenación de Núcleo Rural.
Son obxectivos do presente Plan Especial a ordenación pormenorizada para:

- Definir o sistema de comunicacións e transportes, e dicir, o sistema viario, mediante a fixación de aliñacións.
  Mesmo a definición detallada da rede de mobilidade sostible prevista no PXOM, en relación a unha parte do viario público.

- Completar o sistema de infraestruturas de servizo, en concreto, a rede de saneamento de augas residuais, a cal precisa de actuacións puntuais de prolongación.

No ámbito da Actuación Integral, que a tal efecto se delimita dentro do ámbito do PERI, se pretende:

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

- Abrir novas vías co obxecto de completar a estrutura do núcleo, dando continuidade a algunhas rúas actualmente en fondo de saco.
- Reservar solo para equipamento e zona verde co obxecto de acadar maior nivel de cohesión social.
- Pavimentar unha rúa que hoxe está de terra.

3.- ALCANCE E CONTIDO DO PLAN ESPECIAL E ANÁLISE DE ALTERNATIVAS.

3.1. ALCANCE E CONTIDO

O PERI circunscríbese ao ámbito de planeamento remitido “PEONR” previsto no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada. Trátese orixinalmente dun Plan Especial de Ordenación de Núcleo Rural, se ben, dita figura de planeamento pormenorizado non existe xa na vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia, polo que a figura que substitúe e garda mellor encaixe coa finalidade e obxectivos da planificación é un Plan Especial de Reforma Interior dos previstos nos artigos 72 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 180 e 182 do seu Regulamento.

O ámbito constitúe unha poligonal de 108.403 m^2 de superficie, de forma irregular.

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025



Delimitación sobre imaxe extractada da Dirección Xeral do Catastro

O contido e determinacións dun PERI en solo de núcleo rural está establecido no artigo 72 da Lei do solo de Galicia e 182 do seu Regulamento.

> *"Artigo 182. Plans especiais de reforma interior en solo de núcleo rural*
>
> *1. No solo de núcleo rural poderán redactarse plans especiais de reforma interior nos ámbitos que se definan como áreas de actuación integral de acordo co establecido no artigo 125.*
>
> *Neste caso, deberán respectarse as condicións e reservas de solo establecidas no citado artigo, e deberá garantirse a integración da actuación proposta coa morfoloxía, os servizos e as características do núcleo.*
>
> *2. En solo de núcleo rural os plans especiais de reforma interior conterán as determinacións e a documentación propias dos plans parciais que sexan coherentes cos seus obxectivos e cando se desenvolvan en núcleos rurais tradicionais, conterán, ademais, as determinacións necesarias para a conservación e harmonización da proposta coas edificacións do núcleo existente.*

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

Para tal efecto, as referencias ao sector, nos artigos que desenvolven as determinacións e a documentación do plan parcial entenderanse referidas ao ámbito do plan especial correspondente cando se establezan para as áreas de actuación integral no solo de núcleo rural."

3.2. PROPOSTA DE ALTERNATIVAS

Alternativa 0

A alternativa 0 supón a non execución do Plan. Neste caso o réxime transitorio previsto no PXOM impide o outorgamento de licenzas de edificación e parcelación, polo que estaríase nunha situación de imposibilidade de materializar os dereitos establecidos no planeamento, propios do réxime do solo de núcleo rural. A Alternativa 0 perpetuaría un estado de transitoriedade e, polo tanto, supón unha alternativa incoherente.

Alternativas posibles

En base ás posibles solucións nos diferentes sistemas dotacionais que interveñen neste Plan, pódense analizar varias alternativas.

En relación ao sistema viario, cabe analizar dúas alternativas en virtude do alcance das propostas sobre a mellora da trama viaria do núcleo.

Alternativa 1

A alternativa 1 constitúese como alternativa conservadora ou de menor impacto físico. Proponse recoñecer e conservar a estrutura viaria do núcleo e non abrir novos viais. Mediante aliñacións mellorase a sección transversal das rúas e mediante ensanches puntuais mellóranse as rúas en fondo de saco, co obxecto de facilitar o cambio de sentido.

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025



Alternativa 1 ou alternativa desbotada

Como se razoará máis adiante, desbotase esta opción por considerar que a mellora producida cos fondos de saco non e suficiente nin se acada un estándar de calidade urbana suficiente en relación a unha mobilidade satisfactoria.

Alternativa 2

A alternativa 2 constitúese como alternativa proactiva, pois supón o completamento da rede viaria en aquelas rúas, actualmente en fondo de saco, susceptibles de se prolongar ata o encontro con outra rúa. Ademais, ábrese unha nova rúa que urde de xeito transversal outras existentes.

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025



Alternativa 2 ou alternativa elixida

En relación ao completamento da rede de saneamento, as solucións posibles están en relación coas alternativas anteriores. Así, no caso da Alternativa 1, xorden a súa vez dúas subalternativas:

Alternativa 1a: Nesta opción, a recollida de augas residuais remata no fondo de saco por gravidade e instálanse bombeos que impulsan o vertido ata a rede municipal en cota superior.

Alternativa 1b: instalase unha tubaxe que por gravidade leva as augas ata o encontro coa rede municipal en cotas inferiores. Esta opción precisa o paso da tubaxe por parcelas privadas tras o fondo de saco. Implica o establecemento de servidumes de paso de instalacións.

Alternativa 2: coa apertura e prolongación dos fondos de saco, a rede de saneamento seguiría a traza do viario e conduciría as augas por gravidade. Porén, no caso dunha rúa que non ten xeito de ser prolongada, procederase a regular unha serventía de paso de infraestrutura sobre finca particular. Esta é a opción elixida para o completamento da rede de saneamento.

4.- DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLAN.

Unha vez entrase en vigor o presente Plan Especial darase por cancelado o réxime transitorio e resultaría de aplicación o réxime no solo de núcleo rural previsto no artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia. Aos efectos da execución

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
María del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

das previsións sobre o viario e a rede de saneamento, estarase ao disposto nos apartados 2, 3 e 4 do citado artigo:

> *"2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso.*
>
> *3. No caso da construción de novas edificacións ou cambio de uso das existentes ou de rehabilitacións integrais, deberán ademais executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo.*
>
> *4. Poderá autorizarse a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación. O municipio deberá exixir garantías suficientes do cumprimento desta obriga."*

Porén, no ámbito da Actuación Integral, tras a aprobación do PERI, quedaría pendente o desenvolvemento urbano mediante a xestión do solo (equidistribución) e a execución material (urbanización). Coa recepción das obras de urbanización por parte do Concello, resultaría xa de aplicación o réxime previsto no artigo 24 da Lei do solo de Galicia.

5.- CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN DO MEDIO AMBIENTE ANTES DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN NO ÁMBITO TERITORIAL AFECTADO.

5.1. ÁMBITO TERRITORIAL AFECTADO

O ámbito do Plan está localizado nas parroquias de Meirás e Mosteirón, no termo municipal de Sada, Provincia de A Coruña. Constitúe unha poligonal irregular de 108.403 m^2 de superficie.





CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

Considerase que o ámbito territorial afectado circunscríbese ao ámbito do Plan, se ben, existe un factor ambiental que transcende dito ámbito por mor da afección ao sistema de depuración das augas residuais municipal.

5.2. ELEMENTOS DO MEDIO FÍSICO E BIÓTICO

Litoloxía. Topografía e relevo

Segundo a información contida no documento do PXOM de Sada, o contexto litolóxico e xeomorfolóxico atende á seguinte descrición:

> *"A superficie física do concello é típica da zona costeira galega. Presenta un relevo baixo e relativamente suave (aproximadamente o 60% da súa superficie atópase por baixo dos 100 metros), cun lixeiro basculado cara á ría de Betanzos. As cimas máis elevadas son o alto do Espírito Santo de 165 metros de altura e os montes de Castelo de 175 metros e Muíño de 176 metros sobre o nivel do mar. O relevo vai en descenso cara á ría.*
>
> *A parte occidental está composta de materiais duros, mentres que o resto do concello está ocupado por aluvións continentais e sedimentos mariños no litoral.*
>
> *A costa, relativamente baixa nalgúns tramos e con cantís noutros, mostra claramente a erosión diferencial, con gran abundancia de saíntes e praias, que coinciden coas zonas de maior ou menor resistencia da roca. No litoral da parroquia de Carnoedo sucédense varias puntas máis, a medida que se avanza cara ao sur, a liña de costa é cada vez máis suave.*
>
> *Na zona norte atópanse as praias de Cirro, de 100 metros de lonxitude, a praia de San Pedro, de 300 metros de lonxitude, a praia de Arnela, de 150 metros e a praia de Sada ou das Delicias con 400 metros de lonxitude.*
>
> *O substrato xeolóxico do territorio de Sada está constituído por rochas pertencentes, principalmente, a Xistos de Ordes. Trátase de rochas básicas que teñen un maior contido de biotita, anfíboles e plagioclasas."*

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025



Mapas hipsométrico e litolóxico extractados do PXOM de Sada.

O relevo dentro do ámbito do Plan resulta homoxéneo, cunha forma lixeiramente convexa. Caracterízase por presentar unha pendente media do 12 % na directriz suroeste-nordés. O desnivel máximo é de 70 metros, dende a cota altimétrica 80 m, no punto máis baixo, ata a cota 150 m no punto máis alto. As pendentes máximas (20 %) danse na zona central do ámbito e as mínimas (3 - 5%) no estremo suroeste. Aprécianse explanacións, coa aparición de pequenos desmontes e terrapléns en algunhas parcelas edificadas.



CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
María del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

Hidroloxía

Segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa, o territorio municipal de Sada atopase no sistema de explotación nº 12 Río Mandeo e Ría de Betanzos.

O territorio de Sada na súa maior parte está regada polos ríos da Ponte e Samoedo, ambos os dous tributarios do río Maior, e por regatos que desembocan directamente no mar. Pola parte occidental tamén discorren pequenos arroios que levan as súas augas ao veciño concello de Oleiros. Cabe destacar tamén o lugar das Brañas, cun importante humidal con lagoas e xunqueiras.

No interior do ámbito non se aprecian canles de auga nin liñas de escorrenta. Porén, ao norte e oeste do ámbito existe un pequeno rego que verte ao Rego de Fontoira. A zona de policía afecta parcialmente ao ámbito, no seu estremo noroeste.



Mapa hidrolóxico extractado do PXOM de Sada

Biocenose e figuras de conservación da natureza.

O concello de Sada sitúase na Rexión Eurosiberiana, na Provincia Cántabro-Atlántica, Sector Galaico-Portugués, Subsector Compostelano.

A vexetación desta zona pertence á serie colina galaico-portuguesa acidófila do carballo (Ruscus aculeati-Quercetu roboris sigmetum) que corresponde no seu óptimo estable cunha carballeira densa de carballos (Quercus robur), que pode levar unha certa cantidade de rebolo (Quercus pirenaica), acevos (Ilex aquifolium), castiñeiras (Castanea sativa), loureiros (Lauris nobilis) e sobreiras (Quercus suber).

En liñas xerais a superficie repártese entre cultivos forestais, prados e manchas de matogueira.

Os cultivos forestais están formados por especies de crecemento rápido como son o piñeiro do país (Pinus pinaster) e o eucalipto (Eucalyptus globulus), ás veces mesturadas e outras, a maioría dos casos, predomina o eucalipto.

No concello de Sada practicamente desapareceron os cultivos agrícolas, reducíndose a algúns terreos dedicados ao cultivo de millo ou pataca, e os prados que se manteñen case pola inercia do costume e a existencia dunha reducida actividade gandeira no contorno.

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
María del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

Existen diferenzas entre os prados presentes no ámbito. Por unha banda, os chans cunha drenaxe deficiente orixinan prados de pouca calidade nos que predominan especies como Holcus lanatus, Senecio aquaticus ou Juncus acutifolius. Por outra banda, sobre os chans fértiles, desenvólvense os prados de maior calidade con especies como Lolium multiflorum, Festuca rubra, Poa annua e Cynosurus cristatus.

A matogueira predominante na zona está constituído principalmente por toxo (Ulex europaeus) e brezos (Erica cinerea, Erica ciliaris), ademais doutros arbustos de carácter acidófilo. Entran tamén neste grupo a vexetación que se desenvolve nos bordos dos camiños e dos cultivos na que predominan enredaderas como as zarzas (Rubus sp.) ou a madreselva (Lonicera peryclimenum).

Debido á actividade humana desenvolvida ao longo dos séculos sobre o territorio, aos factores bióticos e abióticos responsables da distribución das especies animais e vexetais hai que engadir a presenza humana como un dos máis determinantes.

En canto ao estudo da fauna dicir que non posúe, polo menos na actualidade, características naturais que favorecesen a presenza de poboacións de especial interese faunístico, moi ao contrario, existen signos inequívocos da degradación do medio natural debido ao elevado grao de antropización desenvolvido na zona.

As especies máis destacadas son as que habitan nas áreas de matogueira e prado, formacións máis frecuentes, na área de As Brañas de Sada e as adaptadas á presenza humana, sen esquecer as aves do litoral.

Nesta primeira aproximación á fauna do Concello de Sada, cabe destacar a presenza de aves como o chotacabras gris (Caprimulgus europaeus), a totovía (Lullula arborea), a curruca rabilarga (Sylvia undata) ou o alcaudón dorsirrojo (Lanius collurio) e mamíferos como o desmán dos Pireneos (Galemys pyrenaicus), endemismo ibérico, o armiño (Mustela erminea) ou a nutria (Lutra lutra).

Entre os anfibios destacan a salamandra rabilarga (Chioglossa lusitanica) endémica do noroeste peninsular e bioindicadora, ademais dos endemismos peninsulares como o tritón ibérico (Triturus boscai), o sapillo pintojo ibérico (Discoglossus galganoi) e a ra patilarga (Ra iberica).

Existen, ademais, nove especies de réptiles entre as que se atopan os endemismos ibéricos como a lagartija de Bocage (Podarcis bocagei), o lagarto verdinegro (Lacerta schereiberi) e a víbora de Seoane (Vipera seoanei).

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
María del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

O Concello de Sada pertence ao ámbito Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, se ben, non existe no Concello de Sada ningunha figura de protección da natureza das previstas na lexislación sectorial.

En relación aos plans de conservación ou recuperación, a totalidade do territorio municipal de Sada atopase na *Área Potencial* do *Plan de recuperación da escribenta das canaveiras.*

O ámbito remitido a Plan Especial está constituído por terreos de natureza urbana (réxime de solo de núcleo rural). Formado por parcelas que tiveron no pasado unha vocación e uso labrego no contexto do espazo agroforestal integrado no sistema de asentamento rural das parroquias de Meirás e Mosteirón. Hoxe, o solo está ocupado na meirande parte por vivendas unifamiliares. As parcelas contan con xardíns e, en menor medida, con hortas de froiteiras e doutros cultivos para o autoconsumo.

5.3. ELEMENTOS DO MEDIO ANTRÓPICO

Sistema de asentamento

O asentamento de A Cañota ten orixe nun lugariño de tres ou catro vivendas rurais situado na parroquia de Meirás na cota altimétrica 130 metros. A influencia da cidade da Coruña no territorio periférico fixo que a partires dos anos 70 comezara a expansión dos núcleos rurais de Sada. Novas vivendas foron ocupando parcelas agrícolas e de monte seguindo a traza dos camiños rurais. No caso do asentamento da Cañota, o camiño que baixa ata Mosteirón e A Esperela, o cal xerou a nova estrutura do, que agora é, núcleo rural común. Por outra banda, a raíz de novas parcelacións, xurdiron novos viais ou servidumes de acceso a novas parcelas, todo elo, nun proceso de crecemento espontáneo.



Imaxe extractada do plano do análise do modelo de asentamento de A Cañota, do PXOM de Sada.

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

O PXOM vixente recoñeceu dito asentamento como núcleo rural complexo, delimitando a parte orixinal como núcleo tradicional ou histórico e o resto como núcleo común. A parte do núcleo que o PXOM remitiu a Plan Especial conta con 37 vivendas e unha consolidación superior ao 60%. A meirande parte das vivendas son construcións illadas de baixo e unha planta, con construcións auxiliares tipo garaxes ou galpóns para almacenaxe. As zonas non ocupadas pola edificación están, polo xeral, axardinadas, pavimentadas ou destinadas a pequenas hortas. Algunhas parcelas contan con piscina e todas as parcelas edificadas teñen muros de peche de fábrica ou vexetais.

Infraestruturas de comunicación, de servizo e enerxéticas

Rede viaria

A rede viaria existente no ámbito é de carácter local, se ben, apreciase diferente xerarquía na súa estrutura e, mesmo, diferentes características canto ás seccións transversais e materiais.

O ámbito é atravesado por unha rúa principal na directriz nordés-suroeste (camiño de Esperela a Cañota) que vincula as estradas provinciais DP-7504 e DP-7508. Tratase dun vial asfaltado con calzada sinalizada e largos comprendidos entre 3,50 e 4,50 metros. Un pequeno tramo duns 80 metros conta con beirarrúa nun dos seus lados.
O resto da rede viaria do ámbito son camiños ou rúas de acceso as vivendas, nuns casos froito da herdanza da estrutura viaria rural e, noutros, resultado da apertura de novos accesos en operacións de parcelacións no pasado recente. Moitos deles rematan en fondo de saco.



Imaxe extractada do Inventario de Camiños Públicos do Concello de Sada

A pendente lonxitudinal do viario existente merece especial atención debido aos condicionantes que xera na accesibilidade das persoas con mobilidade reducida.

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
María del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

A moderada ou forte pendente do terreo natural na metade norte do ámbito non impediu a apertura de novos viais con pendentes lonxitudinais que están moi afastados dos estándares da lexislación sobre accesibilidade e supresión de barreiras. Así, existen rúas en dirección suroeste-nordés con pendentes lonxitudinais que acadan o 20%, ou que teñen, no caso das rúas en fondo de saco, comprometida a prolongación e empalme con outras rúas por mor da excesiva pendente do chan.

Rúas con moita pendente que rematan en fondo de saco

Por outra banda, algúns dos viarios non figuran no inventario de camiños públicos do Concello de Sada, porén, son viais de uso público e portadores dos servizos de infraestruturas de auga, saneamento e electricidade.

Nos correspondentes planos de información descríbense as características do viario de uso público.

Abastecemento de auga

O ámbito conta con subministro de auga en base á rede existente municipal. A rede ten estrutura mixta: mallada e ramificada, con puntos de entronque nas liñas principais de Esperela e A Cañota. No interior do ámbito existen tubaxes de diámetros 75 e 90 mm.

Saneamento de augas residuais

Existe rede de recollida de augas residuais que abrangue a práctica totalidade do ámbito. Está formada por tubaxes de 250 e 315 mm de diámetro que, por gravidade, conducen a auga ata o colector de Esperela. Dúas rúas en fondo de saco non teñen saneamento debido a que a saída da rúa vai a contrapendente.

Subministro de electricidade

No interior do ámbito existe subministro de electricidade en baixa tensión. Provén dos centros de transformación situados en Esperela e Machado.

Observase que o ámbito está afectado por unha liña aérea de alta tensión de 132KV.

Patrimonio histórico e cultural

Segundo o PXOM de Sada, no interior do ámbito non existen elementos catalogados pertencentes ao inventario de bens do patrimonio. Tampouco se

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
María del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

atopa o ámbito afectado por contornos de protección de elementos situados fora do ámbito. Nas inmediacións do ámbito recoñécense os seguintes elementos:

- Ficha do catálogo nº 1.4. Igrexa parroquial e cemiterio de S. Nicolau de Mosteirón
- Ficha do catálogo nº 1.11. Convento, capela e xardíns das Siervas de María
- Ficha do catálogo nº 4.1. CEIP e IES O Mosteirón
- Ficha do catálogo nº 6.3. Conxunto singular na Cañota
- Ficha do catálogo nº 7.17. Vivenda muíño con hórreo no Machado
- Ficha do catálogo nº 10.11. Hórreo na Cañota
- Ficha do catálogo nº 10.19. Hórreo en Machado

5.4. PAISAXE

Segundo o catálogo das Paisaxes de Galicia o territorio municipal de Sada insírese na Grande Área Paisaxística “Golfo Ártabro”, subarea “Golfo Ártabro Litoral”.

A área denominada “Golfo Ártabro Litoral” encádrase nun tipo de paisaxe transformado, moi humanizado, pois tratase dunha das áreas de maior dinamismo de Galicia. Os rascos estruturais desta paisaxe son a suavidade do relevo e do clima, nun contexto ribeirán e costeiro. A textura desta paisaxe abrangue a complexidade derivada da existencia de grandes áreas urbanizadas en continuo, espazos agrícolas e forestais, praias e cantís, espazos de valor natural, etc.

A paisaxe da zona do ámbito deste Plan caracterízase por ser unha paisaxe de transición cara ao litoral. Os trazos estruturais máis salientables son a suavidade do relevo (se ben o ámbito situase nunha das partes máis elevadas e con máis pendente do territorio municipal) e a suavidade do clima. A textura da paisaxe está composta polo asentamento (edificacións e urbanizacións residenciais) mesturado con restos do antigo espazo agrícola e forestal, o cal evoluciona cara á renaturalización ou pequenas explotacións de especies de crecemento rápido como o eucalipto.

A área de estudo non semella ter valores paisaxísticos destacables, se ben, de xeito puntual e no entorno da área atópanse algúns corredores ambientais asociados á densa rede hídrica da gran cunca de Sada. Mesmo, elementos do patrimonio histórico como o Pazo de Meirás son referentes na zona, mais, non participa das relacións visuais que se dan no ámbito do presente Plan.

Compre destacar a posición do ámbito do Plan nunha zona que, nos planos de “visibilidade estratéxica” do Catálogo das Paisaxes, semella ter unha visibilidade

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
María del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

alta. En efecto, dende o núcleo de A Cañota danse vistas cara o nordés, cara á Ría de Sada, dentro da área de intervisibilidade de Sada e da ría.

Dita unidade foi analizada no Plan de Ordenación do Litoral, información que exponse a continuación de xeito extractado:

"*O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL*

Esta unidade caracterízase por ter un relevo suave, sen uns límites físicos de especial potencia que o delimiten visualmente, e unha importante rede fluvial que forma pequenos vales, con numerosas masas vexetais de bosque de ribeira asociadas aos diferentes cursos de auga. Existe unha clara diferenciación entre as características da fronte litoral, cun patrón urbano de alta densidade edificatoria, moi concentrado e consolidado, e o modelo de organización das valgadas interiores, mediante unha urbanización difusa apoiada na densa rede de vías de comunicación. Con todo, existe unha clara dependencia funcional de toda a unidade cara ao núcleo urbano de Sada, que se reflicte na rede de comunicacións, converxente neste punto.

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
María del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

DINÁMICA DA PAISAXE

O modelo tradicional de ocupación do territorio apoiábase nun núcleo principal (Sada) que centralizaba as funcións representativas, administrativas e industriais e relegaba os labores produtivos a unha serie de núcleos distribuídos entre as terras de cultivo, situadas en vales de suave pendente regados por numerosos cursos de auga. Co paso do tempo, a importancia de Sada consolidouse, cun crecemento intenso do núcleo ao longo do litoral debido á aparición de novas actividades vinculadas á utilización do litoral como recurso turístico. Doutra banda, o retroceso da actividade agraria propiciou, en parte, que o modelo de desenvolvemento dos núcleos do interior abandone os tradicionais principios de compacidade. Prodúcese entón un fenómeno urbanizador de baixa densidade, xeralmente ao longo das vías de comunicación posto que os labores produtivos non se realizan xa nas terras inmediatas ao domicilio.

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha unidade de gran superficie cunha franxa costeira reducida, na que se enclava o Núcleo Identidade do Litoral de Sada, o que fai que en ocasión a lectura do territorio se realice mediante parámetros máis propios de paisaxes de interior (con referencias ás canles dos ríos, as elevacións intermedias…) que de litoral. Nesta unidade figuran elementos de alto interese tanto natural como patrimonial, que lle confiren ao territorio unha elevada diversidade e complexidade de gran valor, o que xera a relación entre o soporte físico e as intervencións antrópicas que nel se suceden. Deste xeito, pódese ver con claridade como os numerosos castros que encadran o ámbito establecen relacións visuais ao longo dos diferentes vales até a fronte litoral, no punto onde hoxe se sitúa o núcleo urbano. Estas conexións lonxitudinais atópanse hoxe interrompidas pola barreira visual que constitúe a edificación costeira, aínda que o relevo considerablemente plano da unidade posibilita perspectivas transversais entre os puntos máis elevados desta. Tamén se xeran desde a fronte litoral conexión visuais coa parte máis exterior da ría de Betanzos, particularmente coa costa de Miño e Perbes.

Dende unha escala de detalle axustada ao ámbito territorial do Plan Especial, cabe facer unha breve descrición da paisaxe urbana do núcleo de A Cañota, con especial atención sobre o espazo público do viario, principal motivo de ordenación deste Plan:

A paisaxe do núcleo de A Cañota é unha paisaxe rururbana onde mestúranse ingredientes das paisaxes urbanas de baixa densidade con elementos típicos do rural das agras coruñesas.

O elemento estrutural máis destacable é o relevo, en ladeira orientada ao nordés e pendente de suave a moderada . Este feito, en conxunción coa cota altimétrica (80-150 m), fai que o ámbito sexa un enclave dos máis expostos do territorio municipal de Sada, xunto a outros como Muíño do Vento, Vilar, Monte das

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

Monxas, na cordal que separa Oleiros de Sada. Esta característica fai posible que dende algúns puntos do asentamento da Cañota se abran vistas ou escenas abertas cara ao nordés e se aprecie como fondo de escena a ría ou a costa de Miño.

Os elementos texturais máis salientables no ámbito do Plan son de carácter antrópico: as edificacións, cos seus materiais e cores; as áreas non edificadas das parcelas, cos seus xardíns e hortas; os peches das parcelas, de obra de fábrica ou vexetais; o viario, co seu nivel de urbanización,...

Especial atención merece o espazo público do viario, o cal constitúe o principal elemento urbano obxecto de ordenación no presente Plan. Tratase dun espazo público en evolución, en proceso de cambio: do viario de orixe rural cara a outro de trazos máis urbanos debido ao seu grao de urbanización. Dito estado transitorio xera imaxes diversas e cambiantes nun espazo curto. Así, existen tramos de xerarquía superior pero de escasa sección transversal fronte a outros que, sendo rúas secundarias, teñen máis sección. Mesmo ocorre co grao de urbanización, onde se aprecian uns tramos máis urbanizados que outros, tramos sen pavimentación ou en mal estado de conservación, tendidos aéreos, cunetas, aliñacións de vexetación privada, muros de bloque sen revestir, etc. Esta falta de homoxeneidade e de orde provoca imaxes de calidade limitada.

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

6.- EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES

Os efectos que o Plan vai producir nas variables do medio e nos elementos estruturantes do territorio son baixos ou nulos debido ao alcance e contido do documento e da súa especificidade. Analízanse de seguido, baixo a comparativa das tres alternativas propostas e dun xeito relativo.

Recurso solo

O solo é unha variable do medio físico que veríase afectada na Alternativa 2 por mor da prolongación de tres rúas. Nesta opción a transformación do solo, actualmente en estado natural ou seminatural, sería de 5.617 m^2. Suporía a perda do seu estado orixinal e a artificialización mediante as obras de pavimentación.
No resto de alternativas, o estado do solo quedaría na mesma situación de partida.

Ciclo hídrico

O ciclo hídrico vese afectado por dúas subvariables:

- grao de artificialización do chan e capacidade de absorción de auga de chuvia
- a calidade da auga en relación ás augas residuais

No primeiro caso, a Alternativa 2 ten máis afectación xa que pérdese certa superficie natural de solo con capacidade filtrante. Canto á calidade das augas, todas as alternativas, a excepción da Alternativa 0, promoven a mellora da rede de saneamento e, polo tanto, teñen un efecto positivo sobre o medio hídrico

Materia e enerxía

Do mesmo xeito que nas variables anteriores, a Alternativa 2, por ser unha alternativa proactiva, xera un aumento do consumo de materia e de enerxía por mor do aumento da urbanización. Trátase dunha afección puntual no momento de abordar as obras e nos momentos de mantemento das mesmas. O resto de alternativas non teñen incidencia nestas variables.

No caso particular da Subalternativa 1a, a opción de resolver a evacuación das augas residuais mediante bombeos, supón un aumento do consumo de enerxía, polo que se crea unha afección permanente nesta variable.

Medio social e económico

A Alternativa 2 ten un maior impacto económico por mor do custo asociado ao aumento da urbanización. Considerase que a urbanización prevista na Actuación Integral acada un custo de execución material ao redor dos 330.000 €. Este feito considerase positivo dende a perspectiva da promoción e a xeración de emprego durante o tempo que duran as obras.

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

Dende un enfoque social, a Actuación Integral prevista na Alternativa 2 ten un efecto positivo xa que se crean dotacións públicas que reforzan a cohesión social no núcleo de A Cañota.

Patrimonio histórico e cultural

O patrimonio histórico e cultural inventariado e existente nas proximidades do ámbito non vese afectado polas actuacións previstas no presente Plan.

Transporte e mobilidade

As determinacións asumidas no sistema viario teñen repercusión no transporte e na mobilidade. A Alternativa 1 supón o mantemento da estrutura viaria orixinal, mellorada mediante o aumento de sección transversal e a resolución dos fondos de saco para facilitar dar a volta aos vehículos.

A Alternativa 2 propón a prolongación de dúas rúas en fondo de saco ata o encontro con outra rúa de nova apertura. Esta solución considerase positiva en certos aspectos relacionados coa mobilidade motorizada e moi positiva en relación á mobilidade peonil, xa que mellorase a accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida e en xeral para unha parte dos residentes do núcleo que xa non teñen que facer percorridos longos e empinados en certos desprazamentos.

Paisaxe

A paisaxe é unha variable que se vería reconfortada en calquera das alternativas a excepción da 0. A mellora da estrutura viaria, o establecemento dun certo orde e, mesmo, a mellora paulatina da urbanización provocaría un efecto positivo na paisaxe rururbana. Esta afirmación faise dende o punto de partida da existencia dun plan xeral municipal recente que incorpora determinacións en solo de núcleo rural sensibles coa paisaxe. O PERI pode reforzar ou concretar determinacións con efecto positivo.

Conclusións

Na táboa seguinte expresase de xeito sintético a valoración outorgada ás diferentes variables do medio que foron obxecto de análise.

	ALT 0	ALT 1a	ALT 1b	ALT 2
Recurso solo				
Ciclo hídrico				
Materia e enerxía				
Social e económico				
Patrimonio histórico				
Transporte e mobilidade				
Paisaxe				

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

Claramente negativo
Moderadamente negativo
Sen incidencia
Moderadamente positivo
Claramente positivo

7. EFECTOS SOBRE OS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCURRENTES.

Directrices de Ordenación do Territorio

As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) dan cumprimento ao mandato da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia, que establece os obxectivos e instrumentos mediante os cales se desenvolverá a ordenación territorial da Comunidade Autónoma, co obxectivo de:

> *"…favorecer a utilización racional do territorio galego e protexer o medio natural, mellorar a calidade de vida e contribuír ao equilibrio territorial, regular os diferentes instrumentos de ordenación do territorio, o seu contido e relación de interdependencia así como as canles procedimentais para a súa elaboración e réxime de vixencia, modificación e revisión".*

Así pois, as DOT teñen como finalidade básica a definición dun modelo territorial para Galicia, que sirva de guía orientadora e cohesiva das actuacións sectoriais que se propoñan.

Consultadas as determinacións das DOT, observase que o presente Plan e as súas determinacións de carácter específico non afectan ou interfiren en contra dos principios das DOT.

Plan de Ordenación do Litoral

O PXOM de Sada aprobouse definitivamente estando en vigor o POL, polo que, as determinacións daquel están adaptadas ás deste.

Segundo se desprende do POL, o núcleo rural de A Cañota está situado en terreos categorizados como *Área de Ordenación* (Plano do Modelo Territorial), se ben, tras a clasificación como solo de núcleo rural, o POL deixa de ter incidencia (art. 3 da normativa).

Segundo o art. 7.3.1. do PXOM de Sada e, en consonancia cos artigos 60, 61, 65 e 70 do POL, compre ter en conta o contido do art. 61 que define as normas aplicables nos procesos de ordenación dos ámbitos de desenvolvemento urbanístico para cada elemento do modelo territorial. Polo tanto, a ordenación proposta nos terreos da Actuación Integral debe dar resposta ás determinacións incluídas neste artigo.

Xa que o núcleo rural de A Cañota está afectado polos elementos do modelo territorial: *Área de Ordenación* e *Asentamento en Agregado Urbano* e dado que se sitúa nun enclave moi afastado da orla litoral, considerase que non todas as

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

variables expresadas no citado artigo 61 son relevantes cara a sinxela ordenación desta Actuación Integral. Sinálanse en negrita aquelas que teñen sentido na proposta:

- ***Contención na ocupación do solo***
  - ***Priorizar o espazo público sobre o espazo privado.***
  - ***Establecer densidades e tipoloxías que optimicen o consumo de solo e garantan espazos libres de calidade.***
  - ***Propiciar a integración paisaxística da urbanización.***
- *Adaptación ao relevo (adecuar o construído ao natural)*
  - *Evitar a edificación en posicións dominantes sobre a costa.*
  - ***Minimizar os movementos de terra*** *, alteracións dos leitos e cortas de arboredo de interese.*
  - *Evitar as pendentes con forte impacto visual, ecolóxico ou funcional.*
- ***Naturalización do tratamento dos espazos destinados á urbanización***
  - ***Salvagardar as características naturais dos solos.***
  - ***Evitar a contaminación ambiental.***
- ***Fomento da conectividade e permeabilidade***
  - ***Ecolóxica.***
  - ***Funcional.***
  - *Visual.*
- ***Adecuación dos espazos libres***
  - ***Ás áreas de protección ambiental.***
  - ***Aos espazos e elementos de interese como ámbitos de relación e conectividade.***
  - ***Potenciando os corredores e a súa conexión con outros espazos libres ou de interese.***
- ***Adecuación morfotipolóxica***
  - ***Estruturar e rematar as tramas existentes.***
  - ***Procurar a compactidade e integración.***
  - *Evitando a formación de barreiras, visuais e funcionais.*
- *Protección do carácter dos núcleos de identidade litoral*
  - *A súa natureza e estrutura.*
  - *A súa escala.*
  - *A súa relación co entorno.*
- *Consecución de nodos urbanos*

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
María del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

- *Valorizar as calidades identitarias do lugar.*
- *Recuperando elementos patrimoniais existentes.*
- *Xeración de espazos que propicien a cohesión social.*
- *Promover a complexidade funcional.*

- *Tratamento da fachada marítima.*
- *Valorización dos fondos escénicos e elementos de interese*
  - *Atender aos ámbitos de interese natural próximos como elementos de interese.*
  - *Procurar a vertebración apoiándose nos corredores e elementos para a valoración.*
  - *Ter en conta as relacións entre o fondo natural e a figura construída.*

Outros plans sectoriais concorrentes

Consultados outros plans que concorren no termo municipal de Sada observase que non afectan ao ámbito do PERI.

Respecto ao Plan Sectorial da Rede Viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Bergondo e Sada, dicir que o vial de acceso ao Porto de Sada conta con estudo informativo e proxecto de trazado que foi incorporado no seu momento ao PXOM de Sada como sistema xeral viario.

8.- MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVENIR, REDUCIR OU CORRIXIR EFECTOS NEGATIVOS DA APLICACIÓN DO PLAN

Considerando que o PERI ten, en xeral, efectos positivos sobre as variables do medio e considerando que o Plan Xeral de Sada foi sometido ao proceso de avaliación ambiental ordinaria, recollendo finalmente determinacións para acadar un desenvolvemento harmonioso e baixo criterios da sustentabilidade, non se contemplan grandes medidas ao considerar que non son necesarias. Porén, dende o presente documento pódense arbitrar unha serie de medidas complementarias ás determinacións do PXOM co obxecto de reforzar, se cabe, ditos criterios.

Considéranse positivas as seguintes medidas nas variables do recurso solo e recurso hídrico (ocupación e pavimentación) e, mesmo, na variable da paisaxe rururbana.

- Minimizarase no posible a ocupación ou artificialización do solo, tanto no espazo público do sistema viario como nas áreas de aproveitamento residencial. Sempre que sexa posible empregaranse pavimentos filtrantes, como por exemplo, nas zonas de aparcadoiro da rede viaria, ou

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

nas zonas pavimentadas das parcelas residenciais, onde a pavimentación impermeable reducirase ao mínimo imprescindible.

- Aínda que non é determinación obrigatoria a reserva de arborado en actuacións integrais en solo de núcleo rural, procederase a facer unha reserva mínima (a concretar no proxecto de urbanización) en virtude da proposta indicativa expresada nos planos de ordenación.
- Aínda que as ordenanzas do PXOM en núcleo rural conteñen determinacións tendentes á integración coa paisaxe rural, procederase a reforzar ditas determinacións, cando menos, facendo referencia ao cumprimento do expresado na "*Guía de cor e materiais de Galicia"* e *"Guía de caracterización e integración paisaxística de valados"* para a presente área xeográfica nas edificacións e peches novos, e dando un prazo de adaptación para as edificacións e peches existentes.

9.- MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Considérase que a planificación proposta neste Plan Especial ten unha incidencia mínima no medio ambiente e na sostibilidade, mais, os efectos negativos pódense minimizar ou se anular mediante as medidas correctoras e compensatorias expresadas anteriormente. En termos de legalidade:

- O seu desenvolvemento non require de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental.
- Non afecta a espazos naturais protexidos pola lexislación de conservación da natureza.

Segundo o disposto na *Ley 21/2013 de 21 de decembro de Evaluación Ambiental,* unha planificación destas características encaixa no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

10.-MEDIDAS PARA O SEGUIMENTO AMBIENTAL DO PLAN

A Lei 21/2013 de 21 de decembro de *Evaluación Ambiental* determina que a declaración de impacto ambiental ou o informe de impacto ambiental poderá definir, en caso necesario, os requisitos de seguimento para o cumprimento das condicións establecidas nos mesmos. A estes efectos, o promotor deberá remitir ao órgano substantivo, en caso de que a declaración de impacto ambiental ou o informe de impacto ambiental así o determinen, un informe de seguimento sobre o cumprimento das condicións ou das medidas correctoras e compensatorias establecidas ao respecto na declaración ou informe de impacto ambiental.

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025

Xa que a influencia do Plan sobre o medio ambiente está acoutada e reducida e os usos e actividades previstas son os establecidos en solo de núcleo rural, pensamos que non resulta necesario propoñer medidas de seguimento máis aló das xa existentes e previstas no PXOM de Sada.

Na data da sinatura electrónica

OS ARQUITECTOS,

Asdo.: Ángel Luís Monteoliva Díaz.

Asdo.: Iñigo de Miranda Osset

CVD: Qex+XcQpKmtl2TpQOv/6 Verificable na Sede Electrónica do Organismo.
CVD: fPuFB3nxJJa1xFgQEFPQ Verificable na Sede electrónica do organismo
Maria del Carmen Seoane Bouzas
Secretaria Xeral
Data sinatura:02/06/2025 13:50:00
Motivo:Para facer constar que este documento aprobouse definitivamente polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025.
ANGEL LUIS MONTEOLIVA DIAZ
Redactor
Data sinatura:09/05/2025